

III CONVOCATORIA PARA O ALUMNADO DA UDC PARA FORMAR PARTE DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)

A Universidade da Coruña publica a III convocatoria para seleccionar entre o alumnado da UDC (representantes do alumnado nalgún dos órganos colexiados da UDC) os membros representantes do estudantado que formarán parte dos Comités de Avaliación Docente (CAD) dentro do Programa Docentia da UDC para a avaliación da actividade docente do seu profesorado.

PRAZAS QUE SE CONVOCAN

- 1 praza para o CAD da rama de Artes e Humanidades
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias da Saúde
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
- 1 praza para o CAD da rama de Enxeñaría e Arquitectura

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (CAD)

- Valorar o conxunto das actividades docentes que realiza cada profesor/a baseándose na información recollida mediante os métodos e técnicas especificados no procedemento de avaliación.
- Realizar un informe individual sobre a actividade docente de cada profesor/a. Este informe debe incluír accións de mellora (actividades de formación, innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) para o profesorado avaliado.
- Asistir á reunión de consenso en que se elaborará o informe do CAD de cada profesor avaliado e se consensúan as accións de mellora que estes deben levar a cabo.
- Velar pola transparencia e o rigor do proceso, así como pola confidencialidade dos datos.
- Propoñerlle ao profesorado que obteña unha avaliación condicionada o plan de mellora que debe executar.
- Analizar e valorar as evidencias sobre a execución do plan de mellora que presente o profesorado que obtivo a valoración de avaliación condicionada.
- Emitir e enviarlle á CIU un informe motivado e consensuado por todos os membros do CAD sobre as reclamacións presentadas polo profesorado relativas aos resultados da avaliación da súa docencia.
- Propoñer melloras ao manual e ao procedemento de avaliación.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é do **3 ao 14 de setembro de 2018**.

O alumnado interesado debe presentar a solicitude de participación na sede electrónica da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, rúa Dr. Vázquez

Código Seguro De Verificación	gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	30/07/2018 13:36:27
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==		



Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol) dirixida ao Sr. Reitor da UDC, de acordo co formulario que se xunta, antes das 14:30 h do día 14 de setembro de 2018.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

No procedemento de selección valoraranse os seguintes criterios:

- Criterio de xénero: procurarase que a representación entre homes e mulleres sexa equilibrada.
- Criterio de experiencia en actividades de avaliación e xestión.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do alumnado admitido a esta convocatoria será realizada pola Comisión Interna de Universidade constituída por:

Presidenta: vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Secretaria: técnica da Unidade Técnica de Calidade (que actuará con voz pero sen voto)

Vogais:

- Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
- Directora da Unidade Técnica de Calidade
- Coordinadora da Comisión de Formación e Asesoramento
- Técnico responsable da avaliación docente no Servizo de Informática e Comunicacions
- Cinco docentes:
 - o 1 da rama de Artes e Humanidades
 - o 1 da rama de Ciencias da Saúde
 - o 1 da rama de Ciencias
 - o 1 da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - o 1 da rama de Enxeñaría e Arquitectura
- Dous estudantes
- Unha representante sindical do PDI

A relación de persoas que compoñen a dita Comisión pódese atopar na páxina web da Unidade Técnica de Calidade http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A CIU seleccionará os membros do estudiantado dos CAD aplicando os criterios expostos anteriormente.

FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes segundo o establecido no punto relativo á formalización de solicitudes, onde mencionarán os seus datos en relación cos criterios de selección expostos nesta convocatoria.
2. A CIU seleccionará os membros dos CAD segundo os criterios establecidos anteriormente.

Código Seguro De Verificación	gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==		
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefa Vázquez Veiga	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	30/07/2018 13:36:27
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==		
		Páxina	2/3



3. Antes do 21 de setembro de 2018, a CIU publicará, no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) e na páxina web da UTC a resolución provisional de persoas que foron admitidas e excluídas coa causa de exclusión por rama de coñecemento.
En caso de desconformidade coa resolución, o alumnado dispón de 10 días naturais para presentar unha reclamación perante a CIU, que contan a partir do día seguinte da publicación da resolución provisional.
4. A CIU atenderá as reclamacións que se presentaron e publicará, no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) e na páxina web da UTC, a resolución definitiva por rama de coñecemento e ordenada por titulares e suplentes.
5. A CIU remitiralle ao/á reitor/a da universidade a resolución definitiva para que proceda a nomear as persoas titulares. As suplentes poderán ser nomeadas para cubrir baixas ou incrementar o número de vogais dos CAD en función do número de profesorado que se avalíe.

CONSECUENCIAS DA PARTICIPACIÓN NOS CAD

Os membros dos CAD serán retribuídos de acordo cos criterios acordados entre a ACSUG e a UDC.

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar máis información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou na extensión telefónica 1052/1063.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado na páxina web:

http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia

A Coruña, 27 de xullo de 2018

A presidenta da CIU

Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	30/07/2018 13:36:27
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gcrfgVopbwGNCyjnYT2L/Q==		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SOLICITUDE PARA O ALUMNADO DA UDC (RESPRESENTANTES DO ALUMNADO NALGÚN ÓRGANO COLEXIADO DA UDC) PARA FORMAR PARTE DOS COMITÉES DE AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)

APELIDOS E NOME

NIF

CORREO ELECTRÓNICO

CENTRO

TITULACIÓN

RAMA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE EN QUE SOLICITA PARTICIPAR

☐

ARTES E HUMANIDADES

☐

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

☐

CIENCIAS

☐

ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

☐

CIENCIAS DA SAÚDE

EXPERIENCIA EN ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E DE XESTIÓN (Achegue a documentación a esta solicitude)

SOLICITA

Participar como membro nos Comités de Avaliación Docente (Programa Docentia), de acordo cos criterios e o procedemento establecido nesta convocatoria e na edición vixente do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC.

.....de

Asdo.:

**SRA. VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE
PRESIDENTA DA CIU**